



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino  
32001 OURENSE



Comunicado nº 030/21  
25 de Febreiro de 2021

**RESOLUCIÓN DO 18 DE FEBREIRO DE 2021, DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE, POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DO 15 DE DECEMBRO DE 2020 POLA QUE SE DETERMINAN AS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS QUE TEÑEN QUE PRESENTAR INFORME DE AUDITORÍA DAS CONTAS ANUAIS DE 2020.**

**\* PARA LEELO PINCHA ENRIBA:**



Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 38

Xoves, 25 de febreiro de 2021

Páx. 11775

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

*RESOLUCIÓN do 18 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se modifica a Resolución do 15 de decembro de 2020 pola que se determinan as federacións deportivas que teñen que presentar informe de auditoría das contas anuais de 2020.*

O 23 de decembro de 2020 publicouse no DOG a Resolución do 15 de decembro de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se determinan as federacións deportivas que teñen que presentar informe de auditoría das contas anuais de 2020 (DOG nº 57).

O 25 de febreiro publicouse no DOG a Resolución do 18 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se modifica a Resolución do 5 de outubro de 2020 pola que aproba o Plan de auditoría das federacións deportivas de Galicia para o período 2021/2024 e pola que se establece o procedemento para a presentación do informe de auditoría das contas anuais (código de procedemento PR947B) (DOG nº 38).

Co fin de dar efectividade ao establecido na referida resolución, e que trae causa na modificación da Lei do Deporte de Galicia, aprobada polo Parlamento galego mediante a Lei 4/2021, de 28 de xaneiro, inclúense para este exercicio as auditorías operativas no plan aprobado mediante a Resolución do 15 de decembro de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte (DOG do 23 de decembro). Neste sentido cómpre modificar a Resolución do 15 de decembro de 2020 para determinar as federacións deportivas suxeitas a auditorías operativas no exercicio 2021.

Polo tanto, en uso das facultades que teño atribuídas pola lexislación vixente de aplicación,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Modificación da Resolución do 15 de decembro de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se determinan as federacións deportivas que teñen que presentar informe de auditoría das contas anuais de 2020*

Único. Engádesse un novo artigo 4 á Resolución de 15 de decembro de 2020 coa seguinte redacción:

«Artigo 4. *Auditorías operativas*

1. Xunto coas auditorías das súas contas anuais, someteranse a unha auditoría operativa as federacións deportivas galegas de Piragüismo e Vela, toda vez que xestionan,

CVE-DOG: i1n2gs0-4j98-egb5-zua5-jy05fpexx43



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1 130-9229 Depósito legal C.494-1998 <https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>